



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Santiago Gómez-Reino como secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia
- Decreto polo que se nomea a María Xosé Porteiro delegada da Xunta de Galicia en Buenos Aires

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música
- Decreto polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o dereito á segunda opinión médica no sistema sanitario público galego

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formular ao Goberno do Estado o requirimento de incompetencia, de conformidade co establecido no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, en relación o Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de xeración eléctrica no mar territorial



## PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Murcia para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade d´Alacant para a docencia, a investigación e a mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade da Sorbonne-Nouvelle Paris III para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Mesía para o remate da ampliación e reforma da casa do concello
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vilardevós para o remate da ampliación e reforma da casa do concello

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para levar a cabo actuacións no campus de Pontevedra

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación Balneario de Cortegada para a execución da fase II de mellora e ampliación do novo balneario no concello de Cortegada (Ourense)



## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural o gasto para a encomenda á empresa Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) para a contratación das obras dos novos Laboratorios Agrarios de Galicia
- Acordo polo que se ratifica a sinatura e se validan os gastos derivados dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais en Galicia, durante a campaña 2007

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Balonmán, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no sector pesqueiro de Celeiro para o desenvolvemento do proxecto piloto para a redución do consumo enerxético nos buques pesqueiros mediante a implantación de novas tecnoloxías no buque Santiago Apóstolo

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto Meteoroloxía para a zona atlántica europea, por importe de 113.000 euros

## INFORMES

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das obras para a consolidación e reforzos no porto de Razo



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta do anteproxecto de Lei de saúde de Galicia



## OS CONSERVATORIOS GALEGOS PODERÁN OFERTAR A ESPECIALIDADE DE GUITARRA E BAIXO ELÉCTRICOS

- O Consello da Xunta aprobou os decretos polos que se establecen o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música e a ordenación do grao elemental destas ensinanzas
- Este curso 2007-2008 incorpórase no grao profesional a materia de Novas tecnoloxías aplicadas á música
- Ademais, en 6º curso do grao profesional os estudantes poderán optar polos itinerarios de Interpretación, Composición, Pedagogía e Musicoloxía
- A Administración educativa regulará as medidas necesarias para que o alumnado poida cursar simultaneamente as ensinanzas profesionais de música e a educación secundaria
- Un total de 8.267 alumnos cursarán este ano ensinanzas de música nos 36 Conservatorios galegos e nos 16 centros autorizados

O Consello da Xunta aprobou os decretos polos que se establecen o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música e a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Algunhas das novidades que introducen estas normativas son a incorporación das modalidades de baixo e guitarra léctricos, a realización dunha convocatoria extraordinaria para a recuperación de materias, e a inclusión entre os obxectivos de grao da promoción do patrimonio musical galego.

En concreto, o decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música fixa que estas ensinanzas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. O ensino de música no grao profesional organizase ademais en seis cursos de duración, durante os cales se desenvolverán as seguintes funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

O decreto aprobado establece ademais como obxectivos xerais habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios organizativos; desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético; analizar e valorar a calidade da música; ou fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

En canto ás especialidades, os estudantes poderán escoller entre acordeón, arpa, baixo eléctrico, canto, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, frauta traveseira, frauta de bico, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de corda pulsada do



renacemento e do barroco, instrumentos de puga, óboe, órgano, percusión, piano, saxofón, trompa, trompeta, trombón, tuba, viola, viola da gamba, violín e violoncello.

Ademais, dentro das materias comúns ás especialidades instrumentais, o alumnado cursará: instrumento, linguaxe musical, harmonía, análise, historia de música, e como novidade, novas tecnoloxías aplicadas á música.

Así mesmo, dependendo das especialidades, os estudantes cursarán: música de cámara, orquestra, Banda (de nova oferta), conxunto, coro, repentización e acompañamento e piano complementario. Como materias comúns á especialidade de canto establécense instrumento, linguaxe musical, harmonía, análise e historia de música. Entre as propias da especialidade de canto atópanse: idiomas aplicados ao canto, piano complementario, coro e música de cámara.

Outra das novidades que introduce este decreto é a incorporación de catro itinerarios formativos ao remate do 6º curso, como son: interpretación, composición, pedagogía e musicoloxía. O decreto regula ademais o acceso, matrícula e promoción. Neste senso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa. Ademais, o alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias.

#### Correspondencia con outras ensinanzas

Outra das novidades ten que ver coa posta en marcha de medidas de apoio ao currículo. Así, a Administración educativa desenvolverá actividades formativas e de actualización destinadas ao profesorado; promoverá a investigación, a experimentación e a innovación educativas; e favorecerá a elaboración de materiais de apoio para o profesorado.

Por outra banda, a nova norma establece que a consellería regulará as medidas necesarias para que o alumnado poida cursar simultaneamente as ensinanzas profesionais de música, e a educación secundaria e o bacharelato. Así, esta regulación deberá abordar a adopción de medidas de organización e de ordenación académica que incluírán, entre outras, as validacións, as adaptacións curriculares e as condicións para o desenvolvemento dunha oferta integrada das ensinanzas reguladas neste decreto e as correspondentes á educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Por último, o decreto establece a cualificación extraordinaria de matrícula de honra e o premio de fin de grao, como recoñecemento ao alumnado con mellor expediente académico, que a Administración educativa deberá regular.



### Ordenación do grao elemental

O decreto polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música ten por obxecto establecer o currículo do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regular o acceso a estas ensinanzas, así como os requisitos mínimos dos conservatorios elementais de música e dos centros autorizados elementais de música no relativo á relación numérica entre o alumnado e o profesorado, instalacións docentes e número de postos escolares.

Segundo establece esta norma, a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. Algúns dos obxectivos xerais son apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e persoas; coñecer e valorar a importancia da respiración; interpretar en público e en grupo; e fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular.

A ensinanza de música neste grao organízase en catro cursos, e conta coas seguintes especialidades: acordeón, arpa, baixo eléctrico, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, frauta traveseira, frauta de bico, gaita, guitarra, guitarra eléctrica, instrumentos de puga, óboe, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, viola da gamba, violín e violoncello. As materias comúns a todas as especialidades son Linguaxe musical e Educación auditiva e vocal. Ao igual que no decreto do grao profesional, esta norma establece como novidade a posibilidade de realizar probas extraordinarias para recuperar materias.

Este curso 2007-2008, un total de 8.267 alumnos cursarán ensinanzas de música nos 36 conservatorios galegos e nos 16 centros autorizados de música, segundo as estimacións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



## A CONSELLERÍA DE SANIDADE POTENCIA OS DEREITOS E GARANTÍAS DA CIDADANÍA AO REGULAR A SEGUNDA OPINIÓN MÉDICA NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO

- O desenvolvemento deste decreto únese ás políticas de potenciación dos dereitos e garantías da cidadanía que está a activar Sanidade
- Con esta nova norma dáselle ao paciente a oportunidade de obter maior información para decidir entre as distintas opcións clínicas dispoñibles
- As persoas con enfermidades neoplásicas malignas, neurolóxicas inflamatorias e dexenerativas invalidantes, enfermidades graves con causa hereditaria claramente definida, ou as que procuren confirmación de enfermidade rara poderán realizar a súa solicitude para obter unha segunda opinión ás xerencias da área sanitaria ou Dirección provincial correspondente
- O paciente poderá propoñer un facultativo ou facultativa da sanidade pública galega para que lle ofrezca unha segunda opinión nos casos recollidos neste decreto
- O prazo máximo para a emisión da segunda opinión non excederá os 15 días logo da consulta

A Xunta de Galicia aprobou esta mañá o decreto mediante o que a Consellería de Sanidade regula o dereito a unha segunda opinión médica. Esta segunda opinión tradúcese nunha consulta médica que dá lugar a un informe facultativo -emitido tras a solicitude previa realizada polo usuarios e usuarias do sistema sanitario público galego- coa finalidade de contrastar un primeiro diagnóstico completo ou proposta terapéutica, e facilitarlle así maior información para decidir entre as opcións clínicas dispoñibles.

As persoas con enfermidades neoplásicas malignas, neurolóxicas inflamatorias e dexenerativas invalidantes, enfermidades graves con causa hereditaria claramente definida, ou aquelas que procuren confirmación de enfermidade rara poderán realizar a súa solicitude de segunda opinión ás xerencias da área sanitaria ou á Dirección Provincial correspondente. Nas situacións anteriormente mencionadas, teñen dereito á segunda opinión médica todos os usuarios residentes na Comunidade autónoma, con tarxeta sanitaria, e legalmente capacitados dende os dezaseis anos.

As directrices da política sanitaria do Goberno galego inclúen como plans e proxectos asociados un plan de implantación de dereitos dentro do que se establece a segunda opinión ante situacións graves, e que se realice nun prazo curto de tempo. O prazo máximo para a emisión da segunda opinión non excederá os 15 días, logo da consulta. O exercicio deste dereito debe ser compatible e adecuado á propia distribución dos servizos e prestacións sanitarias dispoñibles a través das áreas e centros asistenciais e demais dispositivos.





A obtención dunha segunda opinión enténdese como a asunción dunha maior responsabilidade do paciente no seu propio proceso terapéutico. Unha das claves desta norma é que sexa o paciente quen escolla entre as alternativas terapéuticas e co máximo nivel de información posible. Deste xeito desenvólvese unha nova cultura sanitaria máis participativa e accesible, centrada no paciente como protagonista e participe activo na toma de decisións que afecten a súa saúde. O decreto únese ás políticas de participación cidadá que está a desenvolver a sanidade pública galega, e supón incrementar os dereitos e as garantías do usuario.

#### Como solicitar unha segunda opinión médica

Este decreto aprobado hoxe define os procesos, a solicitude e as súas características, as persoas beneficiarias, e todo o que ten que ver coa emisión desa segunda opinión. Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións, por criterio médico, o dereito corresponderá aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito, tal e como se recolle nesta normativa.

O dereito á segunda opinión poderase exercer unha vez en cada proceso asistencial, e co único obxecto de contrastar un primeiro diagnóstico completo ou indicación terapéutica. A solicitude realizarase por escrito nas xerencias da área sanitaria ou nas direccións provinciais correspondentes, segundo un modelo establecido no decreto, e dentro do prazo dun mes dende o primeiro diagnóstico. O paciente poderá propoñer un facultativo do sistema sanitario público para efectos da emisión desa segunda opinión. De non facelo, a designación do facultativo é realizada polo sistema sanitario.

A xerencia da área sanitaria ou da dirección provincial resolverá –logo do informe do servizo de Inspección Sanitaria- no prazo máximo dun mes. A partir dese momento, o prazo para a emisión da segunda opinión médica determinada suspenderase durante o tempo necesario para a realización de probas ou exploracións, sen que en ningún caso poida exceder os quince días.

#### Garantía desa segunda opinión médica

Unha vez emitido o informe da segunda opinión, garantiráselle ao paciente a atención clínica que precise, conforme a carteira de servizos do sistema sanitario galego, e tendo en conta o seu dereito a decidir libremente entre as opcións clínicas dispoñibles, logo de recibir toda a información axeitada.

A atención sanitaria levarase a cabo no centro hospitalario de orixe se o segundo diagnóstico emitido confirma o primeiro. Se non é así, o paciente poderá optar por continuar sendo atendido no centro de orixe, segundo o diagnóstico inicial; ou ben no centro en que se emite a segunda opinión médica, de acordo, neste caso, co informe da segunda opinión.



Así, este decreto alíñase coa busca dunha sanidade centrada na cidadanía para que participe coa formación suficiente na toma de decisións sobre a súa saúde como unha prestación sanitaria máis.



## A XUNTA INTERPORÁ PERANTE O GOBERNO CENTRAL UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA PARA QUE SE RESPECTE A FACULTADE DE GALICIA DE FIXAR O PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS NO MAR

- O Consello da Xunta acordou recorrer o Real decreto 1028/2007 que establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización da xeración eléctrica no mar territorial
- Entende que nin a situación no mar territorial nin o establecemento dunha potencia mínima son criterios constitucionais de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión de hoxe, formular perante o Goberno requirimento de incompetencia en relación co Real Decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de xeración eléctrica no mar territorial. O Executivo galego entende que o Real decreto 1028/2007 non é respectuoso co esquema constitucional e estatutario de distribución de competencias, ao desprazar a competencia da Comunidade Autónoma en materia de autorización de instalacións eléctricas fixadas no artigo 27.13 do Estatuto de Autonomía e no artigo 149.1.22 da Constitución. Pídese tamén que se respecte a competencia correspondente a Galicia para establecer o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización e xeración eléctrica no mar territorial, como establece o seu Estatuto no artigo 27.13.

O Real decreto xa advirte, na súa exposición de motivos de que con esta regulación se procede a unha nova redistribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Os criterios utilizados polo lexislador estatal para asumir a exclusividade da competencia vía regulamentaria son dous: dun lado a situación das instalacións no mar territorial e doutro, o establecemento dun criterio técnico no propio RD, que a potencia instalada mínima sexa superior a 50 MW (art.2 parágrafo segundo). O Goberno galego entende que nin a situación no mar territorial nin o establecemento dunha potencia mínima son criterios constitucionais de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, baseándose para esta afirmación en xurisprudencia do Tribunal Constitucional, entre outras as STC 38/2002, STC 103/1989, STC 158/1986 e STC 9/2001.

O Executivo galego considera que a Constitución española e o Estatuto de autonomía para Galicia establece un réxime de distribución de competencias que se estenderá por razón da materia ao espazo marítimo, non establecendo en ningunha parte que as competencias se limitan ao ámbito terrestre.



No Real Decreto, a través do título III baixo a rúbrica 'Procedementos administrativos para outras tecnoloxías de xeración mariña', establece un procedemento para a autorización de instalacións de xeración eléctrica de orixe renovable pero diferente á eólica, desprazando de novo a competencia das comunidades autónomas respecto destas instalacións, e rebaixando incluso a limitación mínima de potencia respecto destas últimas.



## OS ALUMNOS DAS UNIVERSIDADES DE ALACANTE, MURCIA E A SORBONA PODERÁN CURSAR A MATERIA DE GALEGO NOS SEUS PLANS DE ESTUDO

- A Secretaría Xeral de Política Lingüística renova a colaboración coas universidades de Alacante, Murcia e a Sorbona para darlle continuidade ao ensino da lingua e cultura galegas nestas entidades académicas
- Na actualidade a rede exterior de difusión do galego permite estudar o idioma a través de 35 lectorados e 43 centros de estudos galegos espallados polo mundo

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e as universidades de Alacante, Murcia e a Sorbona, en Francia, proseguirán coa liña de colaboración que veñen desenvolvendo desde hai tempo, coa subscrición de novos convenios para darlle continuidade aos traballos de docencia, investigación e promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas. O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación da colaboración entre a Administración autonómica e as tres entidades académicas.

A materia de lingua e cultura galegas seguirá a formar parte dos plans de estudo das tres universidades. Ademais do ensino da lingua, as universidades de Alacante, Murcia e a Sorbona acollerán outro tipo de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua e cultura galegas.

A través destes convenios de colaboración, as universidades comprométense coa Administración galega a desenvolver accións que non se cinxan estritamente ao ámbito académico, senón que cheguen tamén á súa área de influencia. Conferencias, mesas redondas, seminarios ou exposicións son algunhas das actividades que se van programar desde estas entidades académicas para traspasar o ámbito universitario na difusión da lingua.

Política Lingüística ten como un dos seus eixes centrais de actuación a promoción e difusión do galego no exterior. A colaboración con estas universidades inscríbese dentro da liña que segue o departamento de Marisol López de subscribir convenios con universidades de prestixio ás cales lles interese incluír nos seus plans de estudo o ensino da lingua galega.

Na actualidade, a rede exterior de difusión do galego conta con 35 lectorados e 43 centros de estudos galegos espallados polo mundo.



## A XUNTA ACHEGA UN TOTAL DE 195.000 EUROS AOS CONCELLOS DE MESÍA E VILARDEVÓS PARA REPARAR AS SÚAS SEDES MUNICIPAIS

- Segundo dous convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia e os Concellos de Mesía e Vilardevós
- Dos 195.000 euros, 75.000 destinaranse ao Concello de Vilardevós e 120.000 serán para Mesía

O Consello da Xunta autorizou hoxe, na súa xuntanza semanal, a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os Concellos de Mesía (A Coruña) e Vilardevós (Ourense) para a realización de obras nas súas respectivas casas de concello. Trátase de tarefas de ampliación e reforma no caso de Vilardevós e tamén de reforma e de remate da ampliación xa iniciada no caso do Concello de Mesía. Para estas reparacións a Xunta achega un máximo de 195.000 euros.

A vixencia destes convenios de colaboración rematará cando termine o fin que os xustifica e que non pode estenderse ata máis alá do 31 de decembro de 2009.

### A repartición as achegas económicas

As axudas repártense do seguinte xeito: 120.000 euros correspóndenlle ao Concello de Mesía e 15.000 euros ao Concello de Vilardevós. En ambos os casos, as axudas distribuiranse en tres anualidades consecutivas que comprenden o ano 2007, o 2008 e o 2009. Tal e como está establecido nos convenios con ambos os concellos, as axudas da Xunta non poderían ser superiores ao 80% do custo dos xustificantes dos gastos presentados polas obras.

No caso de Mesía, os 120.000 euros distribuiranse destinando 20.000 euros no ano 2007, 50.000 euros no ano 2008 e os outros 50.000 euros restantes no ano 2009. A distribución dos 75.000 euros que corresponden ao Concello de Vilardevós será de 20.000 euros no ano 2007, doutros 20.000 euros no ano 2008 e dos 35.000 euros restantes no ano 2009.

O libramento das achegas realizarase contra as presentacións, por parte dos concellos de Vilardevós e de Mesía, das correspondentes certificacións de obra ou facturas. Estas deberán ir acompañadas da certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación de fondos destinados para tal efecto. Ambos os dous convenios asinados establecen que para o seguimento de tales accións acordadas se creará unha comisión paritaria composta por un representante da Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Consellería de Presidencia, e un representante de cada concello que propondrá as actuacións necesarias en cada caso.



## A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORAN NA AMPLIACIÓN E REFORMA DAS INFRAESTRUTURAS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

- A Administración educativa destina preto de 950.000 euros para a execución de actuacións encamiñadas a dotar dunha maior vertebración ao Campus pontevedrés

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para levar a cabo actuacións de promoción, consolidación, reordenación e desenvolvemento no Campus de Pontevedra. En virtude deste acordo, a Administración educativa autonómica comprométese a participar no financiamento destas accións achegando 948.879 euros.

A Universidade de Vigo mantén na cidade de Pontevedra un campus necesitado de maior vertebración a diferenza do que ocorre nas demais cidades galegas. Para contribuír a corrixir esta situación que afecta negativamente aos alumnos do Campus da cidade de Pontevedra, a Universidade de Vigo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretenden impulsar as actuacións de consolidación, reordenación e desenvolvemento deste Campus.

Polo tanto, este convenio ten por obxecto fixar as bases de colaboración entre as institucións asinantes para proceder á promoción, consolidación, reordenación e desenvolvemento do Campus de Pontevedra a través da súa ampliación, reforma e demais actuacións necesarias nas infraestruturas existentes co fin de estruturar e ordenar o ensino universitario na cidade de Pontevedra. Estas actuacións executadas ao longo do ano 2006 materialízanse en accións relacionadas con obras e equipamento na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte; construción de obradoiros e laboratorios na Facultade de Belas Artes; e rehabilitación e novas instalacións do edificio administrativo das Campás.



## INNOVACION E INDUSTRIA FINANCIARÁ A SEGUNDA FASE DE MELLORA E AMPLIACIÓN DO NOVO BALNEARIO DE CORTEGADA

- A Consellaría achegará 298.771,82 euros para levar a cabo esta iniciativa.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellaría de Innovación e Industria e a Fundación Balneario de Cortegada, para levar a cabo a segunda fase de mellora e ampliación do Novo Balneario, no concello ourensán de Cortegada. A Consellaría financiará integramente esta actuación, cunha achega de 298.771,82 euros.

Estas obras teñen por obxecto adaptar o edificio ao tipo de servizos ofertados no sector do termalismo, e desta forma aproveitar e mellorar os recursos turísticos e medioambientais da zona de Cortegada de Baños.

Asemade, deste xeito promoverase e potenciarase un dos elementos primordiais para a promoción turística de Galiza como é a balneoterapia, como un elemento dinamizador do sector. Ademais, esta medida permitirá adaptar o balneario ás actuais demandas dos consumidores do turismo termal.





## A XUNTA RATIFICA A SINATURA DO CONVENIO PARA O EMPREGO DE RECURSOS MILITARES NA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA NA CAMPAÑA 2007

- Os gastos que asumiu a Consellería do Medio Rural derivados do convenio de colaboración entre a Consellería e o Ministerio de Defensa ascenderon a máis dun millón de euros
- O principal obxectivo desta colaboración é a vixilancia e identificación dos potenciais causantes de incendios forestais, así como tarefas disuasorias a través da propia presenza dos medios militares no contorno forestal.

O Consello da Xunta ratificou este xoves a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para o emprego de recursos militares na prevención de incendios forestais na campaña 2007.

A Consellería do Medio Rural pretendeu, coa colaboración do exército, vixiar e identificar os potenciais causantes de incendios forestais, e intentar evitar os lumes coa axuda da presenza dos medios militares. Con esta colaboración, preténdese mobilizar no contorno forestal unha alta concentración de persoal cualificado e equipado axeitadamente, que dispoña do coñecemento e das ferramentas necesarias para desenvolver tarefas de vixilancia. Con esta finalidade, despregáronse por todo o territorio galego 23 patrullas terrestres (5 na provincia da Coruña, 4 na de Lugo, 6 na de Pontevedra e 8 na de Ourense) e 2 helicópteros militares.

Ademais, o Consello da Xunta validou o gasto que asumiu Medio Rural, que ascendeu a 1.077.166 euros, derivado de tarefas de recoñecemento, de despregamento e repregamento, de patrullas terrestres, helicópteros, comunicación e telefonía, persoal e transporte en fase de recoñecemento.



## MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DE 6 MILLÓNS DE EUROS NOS NOVOS LABORATORIOS AGRARIOS DE GALICIA EN ABEGONDO

- Os novos laboratorios agrarios serán un anexo ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.
- Con esta iniciativa, a Consellería do Medio Rural pretende facer en Abegondo un complexo tecnolóxico dedicado ás actividades relacionadas cos sectores gandeiros, alimentario e leiteiro.

A Consellería do Medio Rural construírá en Abegondo os novos laboratorios agrarios de Galicia, que se converterán nun anexo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Neste proxecto, que se encargará de construír a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), a Consellería do Medio Rural investirá 6.070.279,63 euros repartidos en dúas anualidades: 4.856.223,70 euros en 2007 e 1.214.055,93 euros en 2008.

Na actualidade, Medio Rural conta, en diversas localidades de Galicia, cun complexo de edificacións e instalacións que albergan un conxunto de laboratorios que prestan soporte técnico ao sector agrario galego: Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite e Laboratorio de Sanidade e Producción Animal. Este complexo presenta problemas derivados da falta de espazo, obsolescencia técnica das instalacións e a falta de adaptación do deseño orixinal á prestación dos diferentes servizos que se verán resoltos unha vez construído o novo complexo.

Os novos Laboratorios Agrarios de Galicia, como anexo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, aproveitarán as sinerxías derivadas da xestión conxunta das actuacións técnicas xunto coas de I+D, formación e aseguramento da calidade, o que permitirá a creación dun xermolo de complexo tecnolóxico dedicado ás actividades relacionadas cos sectores gandeiros, alimentario e gandeiro.

A obra realizarase en terreos propiedade da Xunta de Galicia, no predio de Mabegondo, en Abegondo (A Coruña), e o edificio constará de dúas plataformas de traballo e dous andares cunha transición entre ambos composta por un corpo central adicado a funcións administrativas comúns.



## A XUNTA DE GALICIA ASINA UN CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN PARA O IMPULSO DESTA DISCIPLINA DEPORTIVA

- A Consellería de Cultura e Deporte achega 187.000 euros a axudar no gasto ordinario e a fixar un programa de actividades de promoción e desenvolvemento do balonmán en Galicia

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, vén de asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Balonmán, por un importe total de cento oitenta e sete mil euros.

Este convenio, que foi aprobado polo Consello da Xunta desta mañá, establece as bases de colaboración con esta federación, seguindo o modelo de axudas a federacións establecido de forma novidosa hai dous anos. Desta maneira, a Consellería de Cultura e Deporte asina un convenio individual e particular con cada unha das 58 federacións deportivas galegas, atendendo ás súas necesidades específicas e aos proxectos de desenvolvemento deportivo proposto por estas.

O obxectivo destas axudas é participar nos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento, neste caso, da modalidade deportiva do balonmán.

Desta forma, o convenio coa Federación Galega de Balonmán asínase por un importe total de 187.000 euros, a dividir en dous anos, con programas para a promoción do deporte feminino, a integración no deporte, seleccións galegas ou para o mantemento da estrutura e a utilización do galego nas sinais de identidade corporativa, entre outros.



## PESCA PRORROGA ATA FINAIS DE ANO O CONVENIO ASINADO CO CETPEC PARA O PROXECTO SOBRE REDUCIÓN DO CONSUMO ENERXÉTICO NOS BUQUES PESQUEIROS

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo á prórroga do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación no Sector Pesqueiro de Celeiro (Cetpec) o pasado 6 de setembro de 2006. Naquel entón, as dúas partes subscribiron o acordo para a realización do Proxecto Piloto para a Redución do Consumo Enerxético nos Buques Pesqueiros mediante a Implantación de Novas Tecnoloxías e de Enerxías Alternativas no Buque Santiago Apóstolo, para o que a Consellería destina un total de 1.158.000 euros.

Con esta prórroga tanto Pesca como Cetpec manterán o convenio de colaboración ata o vindeiro día 10 de decembro de 2007. A petición de continuación do proxecto vén dada pola importancia de solventar certas necesidades e axustes propios dun traballo de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e, en concreto, para poder contar con máis tempo para construír equipos novos, non existentes no mercado, que se ubicarán no barco Santiago Apóstolo.

### Proxecto

Esta liña de investigación, dirixida nun principio á frota artesanal, ten como obxectivo a diminución do custo do carburante que empregan este tipo de embarcacións, a gasolina. Esta experimentou un incremento de prezo importante nos últimos anos o que supón que, a día de hoxe, un dos custos de produción máis importantes deste tipo de empresas pesqueiras sexa precisamente o do combustible.

O proxecto conta con varias liñas de actuación entre as que destacan, en primeiro lugar, a posta en marcha dun sistema de captura de datos que ofrezca un exemplo práctico do que é unha marea nun determinado tipo de barco para establecer a correspondencia entre o consumo de combustible, tanto en navegación como en pesca, e o estado operativo do barco. Por outra banda, perséguense medidas de aforro e eficiencia enerxética en temas de iluminación ou climatización e procúrase demostrar a viabilidade técnica e económica de empregar gas natural e gas licuado do petróleo como combustible nos barcos, o almacenamento do devandito combustible, o cambio de motores e a operatividade dos barcos coas enerxías alternativas.

O barco Santiago Apóstolo, cedido para o seu uso neste proxecto pola Confraría de Pescadores de Celeiro, é un buque do pincho, de 33 metros de eslora e cunha antigüidade de 35 anos. Actualmente, este pesqueiro está dotado dun motor diésel de 600 CV que, a través dunha reductora, move a hélice de propulsión. Ademais, ten



dous grupos xeneradores de 90 KVA para suministro eléctrico.

Con esta actuación por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e coa súa aportación económica iniciouse o camiño para a busca de solucións ao aumento do prezo do combustible que, dende o Goberno galego, se entende que supón un grave risco para a viabilidade do sector pesqueiro da nosa comunidade. Nesta iniciativa colaboran, ademais de Pesca, Repsol YPF, Gas Natural, o Inega e o Instituto para a Diversificación e o Aforro de Enerxía.

#### Primeiros resultados

A Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, Camen Gallego Calvar, presentaba ao sector o pasado mes de abril o informe preliminar deste proxecto. A iniciativa, que comezou aplicándose no buque Santiago Apóstolo e en tres embarcacións de baixura dos portos de Celeiro, Cangas e O Grove, deu os seus primeiros resultados, considerados moi positivos. Deles despréndese que co emprego de gas licuado de petróleo (GLP) como substituto da gasolina pódese chegar a aforrar un mínimo dun 30% e ata un máximo do 49% de combustible.

En canto aos datos técnicos aportados pola Conselleira naquela ocasión, as embarcacións non tiveron ningún problema vencellado ao uso do GLP e, de feito, nos meses que traballaron con este combustible non perderon ningún día de faena por avarías. Por outra banda, o GLP é unha alternativa máis ecolóxica que a gasolina xa que diminúe as emisións á atmosfera e elimina toda posibilidade de verquido por hidrocarburos. Outra das vantaxes do uso deste combustible é a redución do ruído do motor. Esta actuación continuou coas probas en vinte barcos máis, de distintos portos de Galicia, como mostra representativa do total da frota artesanal galega.



## A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO PORÁN EN MARCHA UN ESTUDO PARA ELABORAR A PREDICIÓN METEOROLÓXICA NA COSTA ATLÁNTICA GALEGA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a consellería e a Universidade de Santiago (USC) que permitirá elaborar unha estrutura organizativa que se encargará de realizar un modelo operativo da costa atlántica, dende a zona oceánica ata as zonas costeiras máis próximas, nas rías galegas
- A Consellería de Medio Ambiente destinará 113.000 euros a este proxecto, enmarcado no Interreg III B, financiado pola comunidade europea

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago porán en marcha o proxecto “Meteoroloxía para a zona atlántica europea” (Easy: European Atlantic Forecasting System), que permitirá realizar un modelo operativo da costa atlántica e, deste xeito, elaborar as predicións meteorolóxicas nas rías galegas. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Manuel Vázquez e a USC para levar a cabo este proxecto, que está enmarcado no Interreg III B, financiado pola Comunidade Europea, no que participan distintas institucións de ámbito europeo.

O proxecto que desenvolverán a Consellería de Medio Ambiente, a través de Meteogalicia, e a USC, permitirá a elaboración dunha estrutura organizativa que se encargará de modelar, con carácter operativo, a costa atlántica, dende a zona oceánica ata o interior das rías galegas. Esta estrutura contará con modelos de predición meteorolóxica, de xeración e propagación de ondas dende o interior ata a costa, de circulación oceánica e modelos locais hidrodinámicos, que finalmente darán lugar a predicións de correntes, do nivel do mar, de temperatura e de salinidade da auga.

A Consellería de Medio Ambiente destinará 113.000 euros a este proxecto, que se financiarán en dúas anualidades; a primeira de 71.500 euros con cargo aos orzamentos do presente ano; e a segunda, por un importe de 41.500 euros no 2008. Así mesmo, a Consellería, a través de Meteogalicia, contribuirá coas instalacións e o equipamento necesarios para o desenvolvemento do convenio, mentres que a USC achegará o persoal científico e técnico para a súa realización.

O estudo abarcará a ría de Vigo e o estuario de Tello, aínda que os seus resultados do mesmo poderán ser aplicados a outras áreas e a outras rías galegas. Así mesmo, os resultados dos modelos de predición permitirán contar con información útil para a axuda á navegación, tanto na prevención de accidentes como na axuda durante estes, así como a prevención de catástrofes naturais.



#### Modelo de correntes e boias

A Consellería de Medio Ambiente, en colaboración co Instituto Tecnolóxico do Mar (INTECMAR), dependente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, tamén implementará un modelo local de circulación de correntes na ría de Vigo e instalará dúas boias. Unha delas estará situada na boca sur da ría, co fin de proporcionar datos oceanográficos (velocidade e dirección da corrente, temperatura e salinidade da auga a diferentes profundidades), mentres que a outra estará situada no interior da ría e contará con instrumentación para medir a ondaxe e outros parámetros meteorolóxicos, como a dirección e velocidade do vento ou a temperatura. Ambas as actuacións desenvolveranse tamén no marco do proxecto "Meteoroloxía para a zona atlántica europea", pertencente ao Interreg III B.



## POLÍTICA TERRITORIAL DÁ CONTA DAS OBRAS DE REFORZO EXECUTADAS NO PORTO DE RAZO, EN CARBALLO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu conta ao Consello da Xunta das obras de reforzo que se están a executar no porto de Razo, en Carballo.

Política Territorial, a través do ente público Portos de Galicia, inviste un total de 220.000 euros nunha serie de actuacións no porto de Razo coa finalidade de mellorar as súas instalacións. Pola súa situación, o porto está moi exposto aos temporais que afectan a costa noroccidental da provincia da Coruña. Tras unha inspección por parte dos técnicos de Portos de Galicia, detectáronse unha serie de deficiencias estruturais que era necesario corrixir. Deste xeito, deseñouse un plan de traballo que consiste no reforzo do muro de abrigo e da cimentación dos peiraos, na construción dun muro de contención na rampla de varada e outro de peche na parte final da explanada e, finalmente, na demolición das escaleiras que existían e construción dunha nova estrutura.





## A COMISIÓN DE SECRETARIOS REMITE AO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL O ANTEPROXECTO DE LEI DE SAÚDE DE GALICIA, ÚLTIMO PASO PREVIO Á SÚA APROBACIÓN POLO CONSELLO DA XUNTA

- Esta nova lei destaca a incorporación da concepción de saúde por enriba da ordenación de servizos sanitarios
- Trátase dunha Lei concibida como un código de dereitos sanitarios, superando a formulación meramente organizativa e funcional de antes
- Integra saúde mental e drogodependencias dentro do sistema sanitario
- Crea a figura do Valedor do Paciente no marco do Valedor do Pobo
- Garante o aseguramento único e o financiamento público do sistema sanitario galego
- Ten unha clara orientación cidadá, e configura un marco estruturalista superando o carácter organizativo da LOSGA
- O texto potencia o carácter público, elimina desigualdades nos dereitos e garantías, promove unha xestión eficiente e transparente; e máis autonomía de xestión
- O anteproxecto de Lei de saúde de Galicia incorpora novos conceptos como o Sistema de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia, e o Sector Privado de Asistencia Sanitaria

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe coñeceu un informe da Consellería de Sanidade sobre o anteproxecto de Lei de saúde de Galicia, logo de que o pasado luns a Comisión de Secretarios remitira o texto ao Consello Económico e Social, último paso previo á súa remisión ao Consello da Xunta.

A nova Lei de saúde nace motivada pola necesidade de establecer un marco xeral e de referencia normativa sanitaria galega coa mirada posta na protección xeral da saúde dos galegos e galegas. Ademais, desta clara orientación cidadá, este anteproxecto de lei, configura un marco legal estruturalista que dará base para a articulación dun verdadeiro código sanitario galego, superando así a formulación meramente organizativa e funcional que caracterizaba a LOSGA. O anteproxecto da Lei de saúde de Galicia tamén está fundamentado na consecución e logro do equilibrio e igualdade territorial e social e a incorporación da calidade e o concepto de mellora continua.

Entre os aspectos xerais da nova Lei de saúde de Galicia destaca a incorporación da concepción de saúde por enriba da ordenación de servizos sanitarios; e a incorporación das estratexias definidas pola Consellería de Sanidade no documento "directrices de política sanitaria en Galicia" aprobado polo Consello da Xunta e que fixa grandes liñas estratéxicas, como potenciación do carácter público do sistema sanitario, eliminación das desigualdades nos dereitos e garantías, xestión eficiente



para garantir a sostenibilidade do sistema, participación e implicación dos profesionais, pacientes e do conxunto da sociedade, e transparencia na xestión.

Tamén incorpora este anteproxecto de lei muis conceptos de autonomía da xestión polo goberno galego, a interterritorialidade, a consecución dos equilibrios de igualdade da saúde, e o concepto de calidade e de mellora continua. Ademais, inclúe o epígrafe de financiamento dende un punto de vista de eficiencia e desenvolvemento sustentable, integra a relación entre actividade asistencial, docente e investigadora; e fai un importante esforzo de definición e delimitación conceptual que fai mais comprensiva a lectura do texto normativo.

Nun marco máis específico, inclúense varios aspectos como a incorporación de novos principios e valores ao Sistema Público de Saúde, así como os dereitos e deberes sanitarios da cidadanía; tamén incorpora novos conceptos como o Sistema de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia, e o Sector Privado de Asistencia Sanitaria.

O anteproxecto de lei tamén dedica un capítulo ás prestacións sanitarias, define a participación do sector sanitario privado, inclúe a ordenación do Sistema Sanitario Galego, a xestión dos centros sanitarios públicos, e presenta unha nova atribución de competencias e funcións dentro do sistema.

O anteproxecto de lei tamén aborda a organización da saúde pública, docencia e investigación sanitaria, elementos organizativos, atención sociosanitaria, e empregados públicos da Saúde do Sistema Público de Saúde de Galicia. Ademais, incorpora instrumentos de planificación, participación, e valedor do paciente.

Como novidades incorpora a regulación do Sistema de Información de Saúde de Galicia e a creación dun centro de servizos tecnolóxicos do Sistema Público de Saúde de Galicia; e tamén a regulación do voluntariado no marco do Sistema Sanitario Galego.

Tamén regula as relacións do Sistema Sanitario Galego coa Unión Europea, Administración xeral do Estado, outras comunidades autónomas, e comunidades galegas no exterior; e introduce a regulación de aspectos relativos ao Servizo Galego de Saúde como principios xerais e organización; así como a integración das fundacións, entre outros aspectos.

O anteproxecto da Lei de saúde de Galicia foi remitida previamente para a súa consideración e achegas de suxestións a universidades e facultades, sociedades científicas, colexios oficiais, FEGAMP, asociacións empresariais e de profesionais, partidos políticos, e sindicatos, entre outras organizacións. Tamén estivo sometido ao



trámite de exposición pública a alegacións durante dous meses e medio; e conta con todos os informes preceptivos, ademais do seu tratamento no Consello Galego de Saúde e no Consello Asesor do Sistema Sanitario de Galicia.



## MARÍA XOSÉ PORTEIRO NOMEADA DELEGADA DA XUNTA DE GALICIA EN BUENOS AIRES

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a María Xosé Porteiro delegada da Xunta de Galicia en Buenos Aires. Nada en Madrid en 1952, María Xosé Porteiro é xornalista e escritora e actual membro da Comisión de Comunicación do Consello da Cultura Galega. Entre 1989 e 1997 foi deputada no Parlamento de Galicia. Nos períodos comprendidos entre 1987 e 1991 e de 2003 a 2007 foi concelleira en Vigo.

Na actualidade, Porteiro é deputada no Congreso pola provincia de Pontevedra e é membro de varias comisións tales como a de Asuntos Exteriores; a de Fomento e Vivenda; a de Industria, Turismo e Comercio; ou a de Agricultura, Pesca e Alimentación, entre outras. Paralelamente, é vogal da Delegación española no Grupo de Amizade coa Cámara de Deputados de Túnez.

Foi relatora na elaboración do proxecto de Lei do Estatuto dos cidadáns españois no exterior, entre xuño e setembro de 2006 e vogal da Comisión de Control Parlamentario de RTVE, entre maio de 2004 e marzo de 2007.